



**Xosé Luís Groveiro González**, concelleiro Portavoz do grupo Municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) no Concello de Ribeira, presenta a seguinte **pregunta** diante do Alcalde e da Comisión de Goberno para a súa resposta por escrito e diante do Pleno da Corporación Municipal sobre a **prolongada "desaparición" e abandono de funcións do Alcalde durante a primeira quincena de outubro.**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O BNG tivo coñecemento por palabras do propio Alcalde da súa ausencia "durante uns días" durante os primeiros días de outubro. O sorprendente é que, dada a prolongada ausencia e polo tanto abandono de determinadas funcións, non foran comunicados tanto as razóns da ausencia como os cambios ou delegación de funcións para garantir a debida atención á cidadanía e demais funcións representativas e de xestión propias do cargo. Pero máis sorprendente aínda resultou coñecer por informacións da páxina Web de Casa Galicia en NY da presenza do noso Alcalde na cidade de Nova York anunciando un acto de propaganda política do Partido Popular no que textualmente se convida á asistencia "con gastos pagos". Nos tempos que corren, e coa que está caendo, causa verdadeira alarma social pensar que se destinaran cartos públicos de todos e todas as ribeirenses para un acto deste tipo. Ou que o alcalde, se estaba en período de vacacións, se dedicase a exercer de xeito fraudulento o seu cargo. O BNG sabe que a lexislación USA prohíbe estritamente o financiamento deste tipo de actos políticos a clubs do tipo de Casa Galicia, polo que as sospeitas de fraude están máis que fundadas pois a viaxe parece máis orientada aos intereses electorais do Partido Popular que aos da cidadanía de Ribeira polos que o Alcalde percibe o seu salario. Por todo isto, o BNG presenta, para a súa resposta por escrito e diante do Pleno da corporación Municipal, as seguintes

#### PREGUNTAS

- 1.- Cal foi o motivo e cantos días estivo o Alcalde ausente do Concello de Ribeira?
- 2.- En calidade de que se fixo esta viaxe: a título persoal (privado) ou como Alcalde de Ribeira (oficial)?
- 3.- Se foi unha viaxe privada considera correcto exercer como Alcalde nun acto político do PP? Quen foi o axente encargado de "cubrir gastos"?
- 4.- Se foi como Alcalde, cal foi o custo da viaxe (avión, estadia) e con cargo a que partida orzamentaria de pagou?

Ribeira, 21 de outubro de 2011

  
Asdo: Xosé Luís Groveiro González

Sr. Alcalde Presidente do Concello de Ribeira